

Facultade de Química



PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉXICO 2020-2022



Prórroga do Plan estratégico

2020-2022

Facultade de Química, USC

Índice

Contexto da prórroga do plan estratégico	3
Presentación e análise da situación actual	3
Revisión das liñas e os obxectivos estratégicos	4
Historia da Facultade	6
Misión, visión e valores	8
Misión	8
Visión	8
Valores	9
Análise DAFO	10
Fortalezas	10
Debilidades	13
Oportunidades	14
Ameazas	15
Estratexia: Análise CAME	16
Liñas estratégicas	18
Nomenclatura	18
Liñas Estratégicas 2020-2022	19

CONTEXTO DA PRÓRROGA DO PLAN ESTRATÉGICO

Presentación e análise da situación actual

Este documento é unha prórroga do plan estratéxico 2019-20 da Facultade de Química. Unha vez completado o ciclo temporal do plan estratéxico (PE), esta prórroga supón unha revisión da planificación estratéxica do centro. Os obxectivos de calidade están aliñados coa política de calidade e os obxectivos xerais da Universidade de Santiago de Compostela a través da Programación Plurianual 2019-2022 da USC, que é o marco de referencia de planificación xeral da USC ata a aprobación dun novo Plan Estratégico.

O equipo de dirección e a Comisión de Calidade do centro lideran o proceso de prórroga do plan estratéxico. Analízase a situación actual tendo en conta a situación interna do centro, así como a contorna. Non se pode obviar a situación global de alerta sanitaria provocada pola COVID-19 e que vai marcar o desenvolvemento do plan estratéxico no período 2020-22. Neste contexto analízanse as fortalezas e debilidades, así como as oportunidades e ameazas ás que se enfrenta o centro. A partir deste diagnóstico defínense uns eixos estratéxicos cuns obxectivos concretos que se pretenden lograr a través de determinadas accións estratéxicas.

Os eixos estratéxicos sobre os que actuar son (1) Docencia, (2) Investigación, (3) Proxección Externa e Relación coa Sociedade e (4) Xestión de Infraestruturas. Algúns dos obxectivos estratéxicos están relacionados con cuestións nas que a facultade non ten competencias, pero son do seu interese tales como o relativo ás políticas de persoal ou á investigación. Neste caso preténdese colaborar do xeito máis eficaz.

A elaboración deste plan vén motivada polos cambios que está a sufrir a sociedade e, polo tanto, a universidade na actualidade. Desde a implantación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) os centros vense afectados polas normativas que afectan á viabilidade das titulacións e á caída de recursos derivada dos recortes orzamentarios a raíz da crise económica. Os dobres graos e a internacionalización das novas titulacións da facultade son escenarios que ofrecen novas oportunidades; non obstante a abrupta chegada da docencia *on line* debido aos confinamentos da poboación como consecuencia da pandemia de COVID-19, mudou a universidade a nivel global. A prórroga do plan estratéxico non pode obviar esta realidade.

Revisión das liñas e os obxectivos estratéxicos

O equipo decanal e a Comisión de Calidade neste documento actualizan as liñas e obxectivos estratéxicos en base a seguintes circunstancias:

- Liñas ou obxectivos que, por cumprimento no período 2019-20, non é necesario que permanezan na planificación do centro.
- Obxectivos que, non estando presentes na planificación inicial, pero correspondéndose coas liñas estratéxicas da facultade de Química, é necesario incorporar. Por exemplo: os obxectivos derivados da irrupción da docencia *on line* na universidade no curso 2019-20.
- Accións estratéxicas e liñas de actuación correspondentes aos eixos da Programación Plurianual 2019-22 da USC e que se pretenden desenvolver no centro en colaboración coas unidades centrais da USC.
- Liñas estratéxicas derivadas dos plans de mellora dos títulos impartidos no centro.

O plan estratéxico 2019-20 da facultade establecía liñas estratéxicas da Facultade de Química (LEFQ-n) que se cumpriron no período previsto. Neste apartado da prórroga indicaremos esas liñas que non é necesario que permanezan. A listaxe seguinte está clasificada en base aos catro eixos estratéxicos establecidos no plan.

LIÑA ESTRATÉXICA 1. DOCENCIA (LEFQ-1)

- Actualizouse o plan de estudos do grao en química.
- O curso 2018/19 arrancou Grao de Química en inglés.
- Incorporouse un novo máster ao catálogo de titulacións do centro que se comezou a impartir no curso 2019/20: o M. U. en Química en la Frontera con la Biología y la Ciencia de Materiales.
- Propúxose a actualización da memoria de título do M. U. en Investigación Química y Química Industrial.
- Mellorouse a visibilidade do centro na sociedade galega (por exemplo: a xornada de “A química como nunca a viches”, participación en feiras de innovación, actividades desenvolvidas por mor do ano da táboa periódica, etc.) e aumentáronse as canles de difusión (aumento de publicidade do centro).
- Incrementouse a programación de actividades complementarias ao estudantado para a mellora do desenvolvemento de competencias transversais: curso de manexo de

bibliografía, curso de LinkedIn, etc.

- Incorporáronse novas empresas e institucións á oferta de prácticas externas do grao.
- Durante o curso 2018/19 incrementouse a coordinación entre os centros implicados nos dobres graos co obxectivo de actualizar a materia de traballo de fin de grao. Foi, por isto, necesario revisar os itinerarios curriculares propostos.
- Desenvolvéronse cursos de inglés específicos para o profesorado.
- Foi actualizado Manual do SGC Centro e o Manual de Procesos.
- Solicitouse a acreditación do centro, aínda que debido a situación actual o programa foi retrasado.

LIÑA ESTRATÉXICA 2. INVESTIGACIÓN (LEFQ-2)

- Continúa o apoio aos grupos de investigación que desenvolven o seu labor no centro mediante actividades de divulgación en seminarios e na páxina web da facultade.
- Incrementouse o número de Traballos de Fin de Grao e de fin de Máster codirixidos por investigadores da facultade e investigadores de Centros de investigación ou Empresas.

LIÑA ESTRATÉXICA 3. PROXECCIÓN EXTERNA E RELACIÓN COA SOCIEDADE. (LEFQ-3).

- A facultade fixo unha clara aposta pola internacionalización durante este curso co inicio do Grao en inglés e a aprobación dun novo máster tamén en inglés, como xa se comentou previamente.
- As taxas de mobilidade entrante mostran unha tendencia ascendente nos últimos cursos, pero é necesario acadar valores máis altos.
- As actividades de divulgación promovidas en 2019 conseguiron mellorar a comunicación e proxección exterior.
- Potenciouse o Ciclo de Conferencias “Reactiva a túa Química” con participación de investigadores de recoñecido prestixio internacional. Algúns conferenciantes destacados dos últimos cursos foron, por exemplo: Maria Vallet-Regí (índice h=96), Philip Marriott (índice h=60), Miguel de la Guardia (índice h=67), Fernando Martín García (índice h=51), Luís Bañares (índice h=51), Manuel Yáñez (índice h=54) e Enrique Rodríguez Castellón (índice h=56).
- Mellorou a relación co ensino medio, incrementando o número de visitas de institutos de secundaria e actividades de divulgación relacionadas co ano internacional da Táboa

periódica. As actividades programadas incentivaron o interese pola Química nas etapas previas á universidade.

- Continuouse colaborando coa na Olimpíada Galega e Nacional de Química.
- Empezouse a desenvolver un plan de comunicación cos egresados para dar a coñecer as saídas profesionais dos egresados do centro. Isto permitiu coñecer a súa situación profesional.

LIÑA ESTRATÉXICA 4. XESTIÓN E INFRAESTRUTURAS (LEFQ-4).

- Mellóranse, dentro das limitacións de orzamento, as infraestruturas dos laboratorios de investigación e docencia que se atopan no centro.
- Renováronse os recursos TIC do Centro: melloras na wifi, renovación de aulas informática e adquisición de ordenadores portátiles de préstamo dispoñibles para estudantado e persoal do centro.
- Na parte final do presente documento incorporaremos as novas liñas estratéxicas ás liñas xa existentes e pendentes de execución. De acordo coa Programación Plurianual 2019-22 da USC a nova clasificación de liñas estratéxicas farase en 6 categorías: (1) centrar a atención no estudantado, (2) comprometerse co persoal, (3) poñerse ao servizo da sociedade, (4) situar o coñecemento da USC na vangarda, (5) proxectar a USC polo mundo e (6) xestionar os recursos de forma intelixente.

Historia da Facultade

Aínda que os estudos de química existen na Universidade de Santiago de Compostela, dende mediados do século XIX, a Facultade de Ciencias, orixe da actual Facultade de Química, non foi creada ata o ano 1922, sendo unha das universidades españolas con máis tradición nesta área científica. Nesta antiga Facultade de Ciencias, sita no edificio central da Universidade (hoxe, Facultade de Xeografía e Historia), impartíanse todos os estudos relacionados coas Ciencias.

O edificio que hoxe ocupamos no Campus Sur inaugurouse no ano 1960, e nel impartíronse as Titulacións das Licenciaturas de Bioloxía, Matemáticas, Física e Química. A medida que o número de alumnos aumentaba fóronse segregando como independentes, sucesivamente, as Facultades de Bioloxía, de Matemáticas e de Física, sendo no ano 1974 cando se crea como tal a Facultade de Química.

A antiga Licenciatura en Química tiña dúas Especialidades: Especialidade de Química Fundamental e Especialidade de Química Industrial. Posteriormente, coa reforma dos Plans de Estudos do ano 1994, a Titulación dividiuse en dúas: a Licenciatura en Química e a Licenciatura en Enxeñaría Química; ambas Titulacións impartíronse neste centro ata o ano 2003, no que se creou Escola Politécnica Superior de Enxeñaría.

Na actualidade na Facultade de Química da USC impártense os seguintes títulos:

Titulacións de Grao

- ✓ Grao en Química
- ✓ Bachelor degree in Chemistry
- ✓ Dobre Grao en Química e Bioloxía
- ✓ Dobre Grao en Física e Química

Titulacións de Máster

- ✓ Máster Interuniversitario en Investigación Química e Química Industrial
- ✓ Máster Interuniversitario en Química Orgánica
- ✓ Máster Interuniversitario en Química Teórica e Modelización Computacional
- ✓ Máster Universitario en Química na Fronteira entre a Bioloxía e a Ciencia de Materiais.

Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química

Misión, visión e valores

MISIÓN

- A Facultade de Química ten como misión contribuir á formación integral de profesionais químicos de recoñecida calidade e prestixio, formados nun entorno académico que promova o seu compromiso co desenvolvemento da sociedade, baixo os principios éticos de solidariedade, igualdade de xénero e sustentabilidade.
- A Facultade de Química debe contribuir ao progreso da sociedade ofrecendo unha docencia de calidade adecuada ás demandas actuais da mesma en todos aqueles ámbitos nos que a química ten un papel significativo.
- A Facultade de Química debe desenvolver unha investigación avanzada e de calidade e debe promover o desenvolvemento científico e tecnolóxico, potenciando actividades de investigación en todas as áreas da química, así como actividades de difusión da investigación realizada e da cultura tecnolóxica. Ademais, debe promover as relacións co sector empresarial, así como con outras institucións e centros de investigación.
- A Facultade de Química debe aspirar a que en todas as súas actividades sexa recoñecida como un centro de referencia a nivel galego, nacional e internacional.
- A Facultade de Química debe realizar unha xestión exemplar dos recursos, cun modelo de xestión do centro áxil, eficaz, transparente e coa participación responsable e a implicación de todos os membros da mesma.

VISIÓN

A Facultade de Química, no horizonte do 2022, pretende afianzar o recoñecemento de:

- O alumnado e da comunidade universitaria, como un centro excelente pola súa oferta académica, pola calidade do seu profesorado, pola súa xestión, innovación e espírito de mellora e pola capacidade de formación de alumnos para que desenvolvan a súa actividade profesional tanto no sector produtivo, como no ámbito da docencia e investigación en centros nacionais e internacionais.

- A comunidade científica, pola calidade da súa produción científica e a especialización e competencia dos seus graduados e doutores, polos seus grupos de investigación, centros de investigación, departamentos e institutos relacionados.
- A sociedade, por ser un centro docente e investigador de prestixio, por difundir a cultura científica, pola colaboración coas empresas, institucións e organismos públicos e privados e polo seu compromiso co progreso, a sustentabilidade e o medio ambiente.

VALORES

A Facultade de Química debe guiarse polos seguintes valores

- Integridade, conduta ética e transparencia.
- A procura da liberdade de pensamento e expresión, o espírito crítico, a curiosidade, a iniciativa e a comunicación.
- Asegurar que se cumpran os obxectivos de todos os membros da nosa comunidade baseándonos no mérito, a igualdade e a capacidade.
- A procura da excelencia científica e o rigor académico individual e colectivo, a innovación e o emprendemento, con flexibilidade e adaptación aos cambios.
- Compromiso cunha xestión baseada no diálogo, a participación, a confianza e a responsabilidade compartida.
- Compromiso coa transferencia de coñecemento á sociedade como contribución ao seu desenvolvemento cultural, social e económico.

Análise DAFO: Fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas

FORTALEZAS

Docencia

- Ampla oferta académica de grao e posgrao: Grao en Química, Grao en Química en inglés, dobres Graos en Química/Bioloxía e Física/Química, Máster U. en Investigación Química e Química Industrial, Máster U. en Química Orgánica, Máster U. en Química Teórica e Máster U. en Química na Fronteira entre a Bioloxía e a Ciencia de Materiais.
- Oferta, dende o curso 2018/19 do novo Grao de Química en inglés, que incrementará a internacionalización do Centro.
- Captación de alumnos con nota media de acceso que se vai incrementado paulatinamente. Elevada demanda e nota de corte nos dobres graos.
- Innovación e mellora nas actividades docentes:
 - Estructura consolidada de coordinación docente horizontal, vertical e transversal ao modular.
 - Realización de cursos de formación de innovación docente no centro, para o PDI e de adquisición de competencias transversais para os alumnos.
 - Oferta de prácticas externas curriculares.
 - Ampla oferta de mobilidade para o alumnado.
 - Existencia de varios grupos activos de innovación docente na facultade.
- Ampla capacidade docente do profesorado, ben cualificado, estable, 100% de doutores, con dedicación exclusiva e elevado número de quinquenios de docencia recoñecidos.
- Altos niveis de inserción laboral.
- Posición destacada da facultade en diferentes rankings nacionais e excelentes resultados obtidos por alumnos do Grao en Química en exames a nivel estatal (convocatoria de QIR) nos últimos anos.
- Capacidade de adaptación do profesorado. A transición, debido ao confinamento da poboación, da docencia tradicional á docencia *on line* en marzo de 2020 foi feita de xeito exemplar polo profesorado da facultade.
- Organización docente. Tendo en conta o elevado número de titulacións impartidas e compartidas con outros centros (dobres graos e másters interuniversitarios) a elevada

eficacia da capacidade organizativa da facultade permite que no curso 2020/21 a presencialidade dos cerca de 600 estudantes sexa das máis altas da USC.

Investigación

- PDI altamente cualificado: ampla capacidade investigadora do profesorado que ten docencia no centro, avalada polos sexenios de investigación recoñecidos.
- Grupos de investigación de referencia competitiva e grupos de potencial crecemento. Importante número de grupos adscritos á Facultade de Química con recoñecemento de excelencia pola Xunta de Galicia. Isto supón un potencial de liderado e captación de novos recursos económicos.
- Redes de investigación con transferencia do coñecemento avaliado por múltiples patentes, que lideran a nivel nacional e internacional liñas de investigación punteiras no eido da Química.
- Posibilidade de iniciación á investigación dos nosos alumnos a través das prácticas externas curriculares optativas en empresas do nosa contorna e en grupos de investigación.
- Másteres impartidos no Centro de perfil investigador con longa traxectoria e calidade recoñecida pola ACSUG.
- Ampla actividade divulgativa do PDI con conferencias plenarias nos congresos de investigación máis prestixiosos a nivel mundial.
- Existencia de seminarios de investigación con periodicidade quincenal nos que tanto o PDI, como os investigadores noveles expoñen a investigación que se está a desenvolver na Facultade.

Proxección Externa e Relación coa Sociedade

- Comité Consultivo da Facultade como órgano do que se obtén información salientable e actualizada dende o punto de vista profesional.
- Excelente relación co Colexio Profesional e outras institucións/organismos relacionados coa profesión.
- Organización de Cursos de verán da USC por PDI do Centro.

- Crecente relación co ensino secundario: participación na Olimpíada de Química, participación no programa A Ponte da USC, colaboración co Rally Matemático e Científico e colaboración con profesores responsables do bacharelato STEM en centros de educación secundaria.
- Participación no programa “Unha enxeñeira ou científica en cada cole” organizado dende a Oficina de Igualdade de Xénero (OIX) da USC para os centros de educación primaria.
- Colaboración con outras universidades galegas e españolas na oferta de másters interuniversitarios de gran demanda.
- Colaboración con empresas do sector para premiar o talento en química: Premios “Chemist for our future” aos mellores expedientes de inicio e finalización do Grao en Química (en colaboración coas empresas AMSlab e Mestrelab).
- Actividade divulgativa da química en medios convencionais de divulgación.

Xestión e Infraestruturas

- A oferta do Grao en Química na USC mantén a súa relevancia e xustifícase na tradición dos estudos, a estabilidade da súa demanda, o seu interese profesional e a elevada taxa de inserción laboral.
- A implicación do equipo directivo coa mellora continua do funcionamento do centro é total e canalízase a través de:
 - Organización dunha xornada de recepción dos alumnos de primeiro curso do Grao en Química, das Dobres titulacións Química/Bioloxía e Química/Física e dos alumnos dos Másteres.
 - Existencia dunha guía do curso, con toda a información de interese para os alumnos, dentro da páxina web da facultade, así como a actualización constante da páxina web no que se refire ás ligazóns directas a espazos de asociación e representación de estudantes, accesos a ofertas de emprego e, especialmente, a ampla información referida aos programas de mobilidade.
 - Realización dun único exame de normas de seguridade no laboratorio aos alumnos de primeiro, antes de incorporarse ás súas prácticas de laboratorio.

- Elaboración e coordinación das listaxes de prácticas de laboratorio de todas as materias e de todas as titulacións que se cursan no centro.
- Compromiso cos procesos de calidade.
- Participación activa dos estudantes nos distintos órganos do centro, no desenvolvemento de actividades e na toma de decisións.
- Integración, dedicación e implicación do persoal de administración e servizos (PAS) co traballo que se desenvolve no centro e que contribúe ao bo funcionamento do mesmo.

DEBILIDADES

Docencia

- Necesidade de actualización formativa permanente do profesorado para mellorar o desenvolvemento da docencia baseada na adquisición de competencias e para adaptarse aos retos actuais da docencia debidos a presenza das novas tecnoloxías.
- Falta de recursos económicos para clases prácticas e actividades complementarias á docencia.
- Carencia da axuda económica para o desenvolvemento de Traballos de Fin de Grao e Traballos de Fin de Máster experimentais. Isto condiciona a realización dos traballos experimentais, posto que só os poderán acometer aqueles grupos que teñen proxectos de investigación activos.
- Escaso recoñecemento en POD do esforzo do profesorado nas materias TFG e TFM. Son materias a cursar obrigatoriamente polo estudantado con 15 e 18 créditos ECTS, respectivamente. A dedicación dos titores debería tender a recoñecerse ao mesmo nivel que a impartición do resto de materias de docencia do grao e máster.
- Falta de procedementos de recoñecemento e de incentivos da mellora da labor docente do profesorado.

Investigación

- Atomización dos grupos de investigación da facultade debido a dispersión de Investigadores Principais da facultade polos distintos centros da USC: Institutos de Investigación, Centros Singulares da USC e na propia facultade.

- Falta de recursos de investigación comúns do centro que permitan aos grupos acceder a equipos e tecnoloxías avanzadas para desenvolver liñas de investigación específicas.
- Pouca colaboración entre os grupos de investigación nos que interveñen profesores do centro.

Proxección Externa e Relación coa Sociedade

- Imaxe negativa da química que proxectan os medios de difusión masiva. Maior presenza de noticias negativas nos medios de comunicación.
- Baixa divulgación de premios e logros de investigación e docencia do PDI da facultade.
- Pouca participación do centro en redes sociais relacionadas coa divulgación.
- Pouca capacidade de captación de alumnado de fóra da comunidade (tanto no grao como nos programas de mobilidade).

Xestión e Infraestruturas

- Falta de implicación dos diferentes colectivos na política de calidade do centro.
- Aumento exponencial da xestión asociada á política de calidade da universidade española. Falta unha liña clara e estable por parte da administración na xestión da calidade na universidade.
- Deficiencias graves das instalacións, que son antigas e necesitan unha renovación urxente. Existe un importante problema de eficiencia enerxética derivado do mal estado das instalacións eléctricas e do sistema de calefacción do centro.
- Estado obsoleto dos laboratorios tanto de investigación como de prácticas.
- O estado de deterioro do edificio da facultade non garante unha actuación eficaz dende o punto de vista de prevención de riscos.
- Deficiencias de infraestruturas de docencia do PDI: laboratorios de prácticas, material informático obsoleto, renovación de encerados, etc.

OPORTUNIDADES

- Prestixio da USC.
- Prestixio da Facultade de Química da USC.

- Prestixio do Campus Vida de Excelencia Internacional.
- Posibilidade de captación de alumnos estranxeiros polos novos títulos en inglés que se ofertan: Grao en inglés (desde o curso 2018/19) e Máster “Química na Fronteira entre a Bioloxía e a Ciencia de Materiais” (desde o curso 2019/20).
- Posibilidade de establecer máis convenios con empresas para a realización de prácticas dos alumnos do Grao e dos Másteres.

AMEAZAS

- Escasa taxa de reposición de profesorado para substituír as xubilacións masivas que se veñen producindo como consecuencia do avellentamento do persoal.
- Desánimo do PDI debido á falta de medios e de incentivos reais á calidade e excelencia docente e investigadora.
- Excesivo número de alumnos nas clases interactivas.
- Falta de financiamento para a renovación dos equipos informáticos, medios audiovisuais e equipos utilizados en prácticas de laboratorio.
- Burocratización excesiva de todos os procesos que afectan á vida académica, de investigación e, sobre todo, de xestión.
- Escaso arraigo da política de I+D nas institucións e empresas.
- Área de influencia con pouco tecido empresarial.

Estratexia: Análise CAME

❖ CORRIXIR DEBILIDADES

- Impulsar a realización, á maior brevidade posible, dun Plan de Reforma global da facultade.
- Potenciar a participación do PDI en cursos do Programa de Formación e Innovación Docente da USC (PFID) que lles permitan mellorar a calidade da docencia orientada á adquisición de competencias.
- Facilitar a implantación da innovación docente nos títulos da facultade.
- Instar ao PFID a incorporar novos cursos específicos orientados ás áreas de ciencias da USC. O obxectivo é incentivar a participación do PDI en cursos de actualización de contidos e de formación nas materias que imparten.
- Fomentar a integración dos grupos de investigación da facultade en grupos maiores e máis competitivos.

❖ AFRONTAR AMEAZAS

- Instar á reposición, promoción e incremento de profesorado.
- Intensificar os contactos con empresas e institucións dentro e fóra dos límites da comunidade autónoma.
- Crear condicións óptimas de traballo para o PDI e o PAS.

❖ MANTER FORTALEZAS

- Consolidación e mellora da oferta e organización de grao, másteres, prácticas e mobilidade.
- Promover e potenciar xuntanzas do equipo directivos cos estudantes tanto dos graos, como dos másteres que se cursan na facultade.
- Intensificar as actividades de divulgación e a relación coas etapas educativas anteriores, en particular o ensino medio.

❖ EXPLOTAR OPORTUNIDADES

- Establecer sinerxias que permitan desenvolver novas liñas de investigación

punteiras e de interese para as empresas.

- Difundir o traballo da facultade na sociedade e acadar recoñecemento nacional e internacional.
- Incrementar a captación de alumnos estranxeiros, aproveitando a implantación de novos títulos de grao e de máster en inglés.

Liñas Estratégicas.

Nomenclatura

As liñas estratégicas do Plan 2019-20 da Facultade de Química foron clasificadas en catro ámbitos: (1) Docencia, (2) Investigación, (3) Proxección Externa e Relación coa Sociedade e (4) Xestión de Infraestruturas. Dentro de cada unha destas liñas establecíanse obxectivos e accións estratégicas determinadas. Con esta prórroga pretendemos integrar as liñas do noso plan que se manteñen no tempo, coas que se incorporan en base á Programación Plurianual da USC, non obstante atopamos diferencias entre a clasificación da programación plurianual e a clasificación interna do noso plan. Para resolver estas diferencias no apartado de accións estratégicas imos empregar a seguinte nomenclatura.

a) Liñas estratégicas que se manteñen do plan 2019-20:

- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 1. DOCENCIA (LEFQ20-1). Accións estratégicas: AEFQ20-1-n.
- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 2. INVESTIGACIÓN (LEFQ20-2). Accións estratégicas: AEFQ20-2-n.
- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 3. PROXECCIÓN EXTERNA E RELACIÓN COA SOCIEDADE. (LEFQ20-3). Accións estratégicas: AEFQ20-3-n.
- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 4. XESTIÓN E INFRAESTRUTURAS (LEFQ20-4). Accións estratégicas: AEFQ20-4-n.

b) Accións estratégicas e liñas de actuación correspondentes aos eixos da Programación Plurianual 2019-22 da USC e que se incorpora ao centro:

- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 1. CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO. Accións estratégicas: AEUSC22-1-n
- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 2.- COMPROMETERSE CO PERSOAL. Accións estratégicas: AEUSC22-2-n.
- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 3. POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE. Accións estratégicas: AEUSC22-3-n.
- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 4. SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA. Accións estratégicas: AEUSC22-4-n.

- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 5. PROXECTAR A USC POLO MUNDO. Accións estratéxicas: AEUSC22-5-n.
- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 6. XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE. Accións estratéxicas: AEUSC22-6-n.

c) Liñas estratéxicas novas, específicas da Facultade de Química, derivadas dos plans de mellora dos centros, de recomendacións do comité consultivo e do contexto actual:

- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 1. CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO. Accións estratéxicas: AEFQ22-1-n.
- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 2.- COMPROMETERSE CO PERSOAL. Accións estratéxicas: AEFQ22-2-n.
- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 3. POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE. Accións estratéxicas: AEFQ22-3-n.
- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 4. SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA. Accións estratéxicas: AEFQ22-4-n.
- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 5. PROXECTAR A USC POLO MUNDO. Accións estratéxicas: AEFQ22-5-n.
- ✚ LIÑA ESTRATÉXICA 6. XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE. Accións estratéxicas: AEFQ22-6-n.

Liñas Estratéxicas 2020-2022

LIÑA ESTRATÉXICA 1. CENTRAR A ATENCIÓN NO ESTUDANTADO

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- Fomentar a dimensión integral na educación.
- Achegar a administración universitaria e os seus servizos ao estudantado.
- Transformar o modelo de xestión da calidade.
- Conseguir un catálogo de titulacións atractivo.

- Mellorar a oferta de másteres do centro.
- Revisión e mellora continua do Plan de Estudos do Grao en Química.
- Impulsar os dobres Graos en Química – Bioloxía e Física e Química.
- Impulsar o Grao de Química en inglés.
- Aproveitar todos os recursos materiais e humanos do centro.
- Incrementar a relación co sector empresarial.
- Intensificar o compromiso de todos os membros do centro coa calidade.

NOVAS ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- ❖ AEUSC22-1-01. Levar adiante actividades de orientación laboral e potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais.
- ❖ AEUSC22-1-02. Promover a realización de programas piloto coa metodoloxía aprendizaxe-servizo no marco das titulacións das que son responsables, en coordinación coa Vicerreitoría responsable da acción na USC.
- ❖ AEUSC22-1-03. Intensificar a actividade do centro na xeración de novas canles de comunicación co estudantado.
- ❖ AEUSC22-1-04. A. Reforzar os aspectos relacionados co desenvolvemento social e a empregabilidade dos egresados.
- ❖ AEUSC22-1-05. De cara a obter a acreditación institucional, intensificar o proceso de implantación efectiva dos Sistemas de Garantía de Calidade, como ferramenta de xestión e de aseguramento da calidade.

ACCIÓNS DO PLAN ESTRATÉXICO 2019-20. DOCENCIA (LEFQ20-1).

- ❖ AEFQ20-1-01. Explorar a implantación de novas titulacións que respondan aos retos actuais da sociedade.
- ❖ AEFQ20-1-02. Facilitar ao estudantado o acceso a vías de financiación, bolsas e contratos.
- ❖ AEFQ20-1-03. Mellorar as canles de difusión.
- ❖ AEFQ20-1-03. Revisión permanente do Plan de Estudos do Grao en Química.

- ❖ AEFQ20-1-04. Incrementar a coordinación horizontal e vertical establecendo unha programación coordinada de actividades.
- ❖ AEFQ20-1-05. Desenvolver un Plan Titorial para o alumnado.
- ❖ AEFQ20-1-06. Potenciación do Programa de alumnos titores de Grao.
- ❖ AEFQ20-1-07. Desenvolver o Programa de profesores titores de Grao.
- ❖ AEFQ20-1-08. Desenvolver un Programa de Monitores de Clases Prácticas.
- ❖ AEFQ20-1-09. Mellora, actualización e ampliación das prácticas de laboratorio.
- ❖ AEFQ20-1-10. Programas actividades complementarias ao estudiantado para a mellora do desenvolvemento de competencias transversais: manexo de bibliografía, presentacións orais, como escribir un proxecto, como facer unha entrevista, etc.
- ❖ AEFQ20-1-11. Mellora das prácticas externas, procura de novas empresas e institucións.
- ❖ AEFQ20-1-12. Mellorar o seguimento dos estudantes.
- ❖ AEFQ20-1-13. Incrementar a participación do profesorado na asociación europea ECTN (*European Chemistry Thematic Network Association*)
- ❖ AEFQ20-1-14. Desenvolver programas de formación durante toda a vida profesional (*Lifelong Learning*) mediante cursos de reciclaxe dirixidos a graduados da Universidade, que sexan de interese para o sector empresarial.
- ❖ AEFQ20-1-15. Potenciar cursos de divulgación relacionados coa docencia impartida na Facultade.
- ❖ AEFQ20-1-16. Incrementar a relación co sector empresarial e fortalecer a oferta de prácticas externas promovendo novos convenios.
- ❖ AEFQ20-1-17. Aumentar a presenza do sector empresarial na docencia, especialmente en materias das titulacións de máster.
- ❖ AEFQ20-1-18. Divulgar dende o centro información das empresas do sector da nosa comunidade.
- ❖ AEFQ20-1-19. Fomentar a cultura de calidade no centro e a participación de todos os colectivos (PDI, alumnado e PAS).

LIÑA ESTRATÉXICA 2. COMPROMETERSE CO PERSOAL

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- Desenvolver os programas de formación de persoal pertinentes.
- Mellorar as actividades de Innovación Educativa.

NOVAS ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- ❖ AEUSC22-2-01. Definir os contidos dos programas de formación e innovación docente.
- ❖ AEFQ22-2-01. Incentivar a formación continua do profesorado en docencia *on line*.

ACCIÓNS DO PLAN ESTRATÉXICO 2019-20. DOCENCIA (LEFQ20-1).

- ❖ AEFQ20-1-20. Apoiar aos grupos de innovación docente e as súas actividades.
- ❖ AEFQ20-1-21. Impulsar a participación do PDI en actividades de innovación educativa e de formación de profesorado.
- ❖ AEFQ20-1-22. Incrementar as actividades relacionadas con competencias transversais.
- ❖ AEFQ20-1-23. Promover actividades extraacadémicas, deportivas e culturais.

LIÑA ESTRATÉXICA 3. POÑERSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- Avanzar na igualdade e na sustentabilidade
- Mellorar a comunicación e proxección exterior.
- Incrementar a relación co ensino medio.
- Mellorar o seguimento e contacto cos alumnos egresados.

NOVAS ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- ❖ AEUSC22-3-01. Garantir o respecto á diversidade incorporando en todas as actividades e servizos no ámbito de responsabilidade do centro os valores da inclusión.
- ❖ AEUSC22-3-02. Impulsar desde o centro unha política de plástico 0.
- ❖ AEFQ22-3-03-Adaptar as xornadas de saídas profesionais dos títulos do centro á nova situación. Preparación de vídeos cortos explicativos. Implicar nestas xornadas a egresados recentes para transmitir unha visión actualizada das saídas profesionais na química.
- ❖ AEFQ22-3-01. Participación do profesorado en actividades do STEMBach (Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía).
- ❖ AEFQ22-3-02. Publicación na web do centro de vídeos curtos nos que estudantes relaten por que elixiron cursar o grao ou dobre grao na USC e as súas expectativas.
- ❖ AEFQ22-3-03. Promover a innovación asociada co respecto ao medio ambiente a través de accións de dixitalización e sustentabilidade.
- ❖ AEFQ22-3-04. Incrementar a cultura de transferencia entre o alumnado e profesorado.

ACCIÓNS DO PLAN ESTRATÉXICO 2019-20. PROXECCIÓN EXTERNA E RELACIÓN COA SOCIEDADE (LEFQ20-3).

- ❖ AEFQ20-3-01. Potenciar o uso das Redes Sociais como medios de comunicación cos estudantes e cos alumnos egresados.
- ❖ AEFQ20-3-02. Establecer unha imaxe da facultade.
- ❖ AEFQ20-3-03. Promover xornadas de orientación universitaria.
- ❖ AEFQ20-3-04. Potenciar a participación dos profesores do centro no programa A Ponte.
- ❖ AEFQ20-3-05. Desenvolver un plan de comunicación cos egresados.
- ❖ AEFQ20-3-06. Activar o funcionamento da Asociación de Antigos Alumnos da Facultade.
- ❖ AEFQ20-3-07. Coñecer a situación profesional dos egresados.

- ❖ AEFQ20-3-08. Coñecer as necesidades de formación continua dos egresados e organizar cursos específicos dirixidos a eles.
- ❖ AEFQ20-3-09. Integrar actividades con colexios profesionais e asociacións.
- ❖ AEFQ20-3-10. Potenciar a participación de profesionais da empresa na docencia.

LIÑA ESTRATÉXICA 4. SITUAR O COÑECEMENTO DA USC NA VANGARDA

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- Redefinir a oferta de titulacións de grao e mestrado.
- Apoiar aos grupos de investigación que desenvolven o seu labor no centro.
- Difundir a actividade investigadora dentro e fóra da facultade.
- Potenciar os estudos de doutoramento.

NOVAS ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- ❖ AEUSC22-4-01. Adaptar as titulacións ás demandas e retos da sociedade.
- ❖ AEUSC22-4-02. Reforzar a xestión das titulacións para facela áxil e funcional.
- ❖ AEFQ22-4-01. Dar visibilidade á investigación do PDI da Facultade de Química. Ciclos de conferencias *on line* e vídeos divulgativos.

ACCIÓNS DO PLAN ESTRATÉXICO 2019-20. INVESTIGACIÓN (LEFQ20-2).

- ❖ AEFQ20-2-01. Proporcionar apoio administrativo.
- ❖ AEFQ20-2-02. Procurar a optimización de espazos.
- ❖ AEFQ20-2-03. Aproveitar e incorporar novas infraestruturas.
- ❖ AEFQ20-2-04. Favorecer un espazo web para a difusión da investigación.
- ❖ AEFQ20-2-05. Potenciar a asistencia dos alumnos aos actos relacionados con investigación: conferencias, seminarios, teses de doutoramento, etc.
- ❖ AEFQ20-2-06. Potenciar as relacións con outras facultades e centros de investigación.
- ❖ AEFQ20-2-07. Fomentar a importancia dos estudos de doutoramento.
- ❖ AEFQ20-2-08. Potenciar os doutoramentos europeos.
- ❖ AEFQ20-2-09. Fomentar a colaboración coa Escola Internacional de Doutoramento.

LIÑA ESTRATÉXICA 5. PROXECTAR A USC POLO MUNDO

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- Internacionalizar a oferta docente la USC.
- Potenciar a comunicación da USC cara o exterior.

NOVAS ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- ❖ AEUSC22-5-01. Mellorar, no ámbito do centro, o programa de atención tutorial para o alumnado internacional.
- ❖ AEUSC22-5-02. Adaptar os procesos de xestión ás peculiaridades do alumnado internacional.
- ❖ AEUSC22-5-03. Potenciar a presenza tanto nacional coma internacional do centro en redes sociais.
- ❖ AEFQ22-5-01. Potenciar a participación en másteres internacionais.

ACCIÓNS DO PLAN ESTRATÉXICO 2019-20. PROXECCIÓN EXTERNA E RELACIÓN COA SOCIEDADE (LEFQ20-3).

- ❖ AEFQ20-3-10. Recoñecemento europeo do Grao en Química (EUROBACHELOR)
- ❖ AEFQ20-3-11. Actualización continua en inglés na páxina web.
- ❖ AEFQ20-3-12. Potenciar os programas de mobilidade ERASMUS coa busca de novos socios.
- ❖ AEFQ20-3-13. Recuperar o programa de intercambio TASSEP con Estados Unidos e Canadá.
- ❖ AEFQ20-3-14. Mellorar os programas de intercambio con países de fóra do EEES.
- ❖ AEFQ20-3-15. Promover a mobilidade do profesorado.
- ❖ AEFQ20-3-16. Potenciar o uso da Rede ESN (Erasmus Student Network).
- ❖ AEFQ20-3-17. Potenciar as Prácticas Externas Internacionais (Programa Leonardo da Vinci).
- ❖ AEFQ20-3-18. Potenciar a participación do profesorado do centro nos grupos de traballo da asociación europea ECTN.

LIÑA ESTRATÉXICA 6. XESTIONAR OS RECURSOS DE FORMA INTELIXENTE

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- Optimizar o uso das infraestruturas.
- Procurar unha maior suficiencia e xestión eficiente dos recursos económicos.
- Axilizar os procedementos de xestión e prestación de servizos.

NOVAS ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- ❖ AEUSC22-6-01. Continuar adecuando os espazos docentes ás necesidades actuais do estudantado.
- ❖ AEUSC22-6-02. Deseñar un modelo flexible e eficiente de distribución dos recursos económicos.
- ❖ AEUSC22-6-03. Simplificar e automatizar os trámites administrativos.
- ❖ AEUSC22-6-04. Promover o uso de ferramentas de administración electrónica.
- ❖ AEFQ22-6-01. Executar o Plan da reforma da Facultade de Química.
- ❖ AEFQ22-6-02. Mellora das infraestruturas das aulas do centro para poder impartir docencia semipresencial.

ACCIÓNS DO PLAN ESTRATÉXICO 2019-20. XESTIÓN E INFRAESTRUTURAS (LEFQ20-4).

- ❖ AEFQ20-4-01. Incentivar a participación do PDI, PAS e estudantes na vida do centro, promovendo espazos de comunicación.
- ❖ AEFQ20-4-02. Optimizar os horarios para un mellor uso das infraestruturas do centro. Facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral de todos os membros do centro.
- ❖ AEFQ20-4-03. Promover o desenvolvemento da docencia e da investigación con criterios de sustentabilidade e igualdade.
- ❖ AEFQ20-4-04. Incrementar a concienciación da seguridade e saúde laboral: Plan de Prevención de riscos laborais e Mellora da Seguridade do centro.
- ❖ AEFQ20-4-05. Potenciar os actos académicos e a vida sociocultural da facultade.
- ❖ AEFQ20-4-06. Mellorar as instalacións para o PDI e PAS do centro.
- ❖ AEFQ20-4-07. Mellorar as infraestruturas básicas da biblioteca.

- ❖ AEFQ20-4-08. Mellorar as infraestruturas básicas das aulas de docencia.
- ❖ AEFQ20-4-09. Crear novos laboratorios de prácticas e mellorar os laboratorios existentes.
- ❖ AEFQ20-4-10. Mellorar as infraestruturas dos laboratorios de investigación que se atopan no centro.
- ❖ AEFQ20-4-11. Mellorar os recursos TIC do centro (wifi, aulas informática, equipación ordenadores, etc.)
- ❖ AEFQ20-4-12. Mellorar os servicios básicos do centro: calefacción, aseos, sistemas de extracción de gases, etc.